

cuprámonos do militarismo



A 30 anos do referendo, a OTAN pouco ou nada mudou na súa razón de ser, en tanto que fenómeno histórico. Desde a progresiva militarización da sociedade -cun gasto militar que non deixou de medrar a pesares da crise económica-, á resolución de conflitos unicamente pola vía armada, o crecemento e diversificación da industria militar ou o feito de o Estado español se converter nun importante comerciante de armas a nivel internacional.

O número de guerras e conflitos armados na actualidade, con moito superior ás cifras que os organismos oficiais manifestan, corrobora a íntima relación entre escalada bélica e economía. Guerras e conflitos armados que provocan a destrución e devastación dos propios territorios, milleiros de vítimas entre a poboación civil e un número incalculábel de persoas desprazadas na procura de refuxio ou asilo.

Ante isto a resposta en materia de política exterior da UE, aliada da OTAN, está a ser crear campos de concentración, erguer muros, facilitar expulsións masivas a terceiros países e intervir unicamente para protexer os intereses económicos e xeopolíticos de occidente.

Desde o Espazo Aberto Antimilitar acreditamos na necesidade de incidir na loita contra o militarismo en todos os ámbitos da sociedade, e, consecuentemente, tomamos partido a favor da chamada 'Cláusula contra o uso militar da ciencia', incorporándaa este ano na campaña a prol da Obxección Fiscal aos Gastos Militares.

Dita cláusula froito da iniciativa conxunta entre a Asamble Antimilitarista de Madrid e Ciencia para el Pueblo, dada a coñecer a finais de 2015, como medio para incentivar á comunidade científica a tomar partido pola desmilitarización en todas as súas formas e baixo todos os seus aspectos.



-	67,09	millions de €	Gasto Militar diario
-	2,796	millions de €	por hora
-	46.594	€	por minuto
-	718,76	€	por persoa este ano

Para isto, é imprescindible que NON ACEPTES O BORRADOR e sigas os pasos que podes atopar na nosa páxina web.

Tecnicamente, desobedécese de forma activa no momento de realizar a declaración do imposto sobre a renda (IRPF) mediante o desvío dunha parte deses impostos a un proxecto que traballe pola xustiza social.

Un acto de Desobediencia Civil que consiste na non colaboración co Estado á hora de sufragar os gastos empregados na preparación de guerras e mantemento da estrutura militar, exército e outros corpos armados destinados ao control social.

Outra das fronteiras de loita contra o militarismo a día de hoxe, iniciada xa hai máis de dúas décadas e a

Obxección Fiscal ao Gasto Militar.

Que
Esta licenza inclúe a chamada cláusula contra o uso militar da ciencia, que impide o uso dos resultados desta investigación con fines militares e a exércitos e forzas e corpos de seguridade do estado. Tampouco se permite o uso para I+D de carácter militar.

O porque
As persoas científicas non poden estar á marxe dos problemas que se producen na sociedade. O militarismo ten uns efectos devastadores, polo que convidamos a toda a comunidade científica ao boicot activo ao complexo militar-industrial impedindo que se beneficie dos avances tecnolóxicos.

Para que
A pesares de que é bastante improbable que moitas investigacións poidan ter un uso militar, queremos lanzar unha mensaxe: que a comunidade científica non mira para outro lado ante o militarismo e o autoritarismo, en ningunha das súas formas.

Tamén para convidar ao debate e á construción de novos modelos de defensa non baseados nos exércitos. Ademais, a comunidade científica ten que colaborar na erradicación do militarismo en todas as sociedades. Non á guerra. A ningunha guerra.

O agora
Numerosos conflitos bélicos estanse a producir nos nosos días. As investigacións coa cláusula contra o uso militar da ciencia poderían ser unha boa ferramenta para debater sobre o militarismo, guerras e conflitos armados que se dan na actualidade.
Si és científica/o e cres que ningunha investigación debería servir para ser utilizada en conflitos armados, non dubides en copiar/pegar esta cláusula na túa licenza, sexa Creative Commons ou do tipo que sexa.

O movemento de insubmisión, en xeral, non buscaba só a supresión do SM obrigatorio, senón directamente a desaparición dos exércitos e da “cultura” militar na sociedade. Un obxectivo que continúa vivente e polo que se continúa a loitar dende diferentes fronte:

Obxección laboral

Consiste en negarse a traballar nas industrias ou proxectos vencellados coa fabricación, distribución e uso de armamento. Pedir a reconversión destas empresas cara a produción de outras cousas máis útiles para a sociedade, ou simplemente non dañinas.

Obxección científica

Numerosas científicas, universidades, centros de investigación, e incluso empresas, non permiten que as súas investigacións e traballos beneficien ou rematen na industria bélica e armamentística.

Boikot...

Aos artigos e mercadorías de empresas vencelladas co militarismo, aos produtos feitos en países en guerra ou que non respectan os dereitos humanos, a todos os actos de exaltación dos valores militaristas, aos xoguetes bélicos ou sexistas, etc.

Aforros 'desarmados'

Iniciativa de sensibilización e denuncia das entidades financeiras que participan nas industrias militares ou que alteran gravemente a vida de comunidades e pobos.

Escolas 'desmilitarizadas'

Diferentes campañas e colectivos denuncian e tentan evitar a presenza dos exércitos e demais forzas de seguridade do estado nas escolas e tamén na universidade.

desmilitarizem.blog.pangea.org

noalainvestigacionmilitar.org

www.boicotpreventiu.org

www.bancaarmada.org

O Gasto Militarizado para o 2016*

Para elaborar esta estimación do 'gasto militarizado' úsanse os criterios definidos do que considera como tales gastos a OTAN, que non se caracteriza precisamente por ter un talante excesivamente 'antimilitar'.

millons de € 5.000 10.000 15.000 20.000 25.000

Mitrio, Defensa

Gasto Militarizado

Intereses deveda acumulada Militar

Estimación
for do
Orzamento

Emprego e Seguridade Social

Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente

Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade

Educación, Cultura e Deportes

Axencia de cooperación para o desenvolvemento

Gasto Militar:

- 69,06% oculto, 18.702'09 millóns de €

- 12 dos 13 ministerios agochan GM

- 7,80% de todos os Orzamentos do Estado

- Xera deveda por 12.694'82 millóns de €

Entredor o 44% do funcionariado é militar, ou vencellado co militar: 3.316.000 persoas.

O gasto en Control Social (Gasto Militar

máis gasto policial e penitenciario) supón:

- 33.366'95 millóns de € de gasto

- 11,05 % do gasto todos os Orzamentos

- 91,42 millóns de € por día

- 718'76 € por persoa para iste ano

*estudo aínda non rematado, fonte: uloplacontagiosa.org



Que é a Obxección Fiscal ao Gasto Militar?

É unha campaña antimilitarista proposta desde 1982, e levada a cabo por varios miles de persoas todos os anos. Consiste en, á hora de facer a declaración da renda, desviar a parte proporcional dos impostos que se destinan ao gasto militar, a proxectos que traballan na construción dunha sociedade máis xusta e desmilitarizada.

Por que é necesaria hoxe día?

É necesaria mentres sigan existindo exércitos e corpos represivos. Mentres siga existindo a represión, as guerras e as ocupacións de territorios.



Cal é a súa finalidade política?

Ser unha ferramenta de desobediencia na loita contra o militarismo. Facendo a Obxección Fiscal amosamos o rexeitamento social que ten o gasto militar en particular e o militarismo en xeral, ao mesmo tempo que nos solidarizamos con outras loitas anticapitalistas.

Onde van os cartos desviados?

Cos cartos desviados apóiase a distintos colectivos, movementos ou loitas transversais á antimilitarista, como poden ser as loitas antidesenvolvemntistas ou as antirrepresivas, entre outras, que procuren a transformación radical da sociedade.



Ti escolles cal, aínda que sempre facemos unhas propostas:



naiscontraimpunidad@gmail.com



mocvalencia.org

Nais contra a impunidade, nada en 2012 como reacción fronte á impunidade das políticas en materia de control e confinamento implementadas polo Estado. Animadas por un sólido espírito de solidariedade as súas actividades abranguen diversos aspectos como a formación, denuncia e cobertura de persoas sometidas á violencia institucional e sempre tendente ao respecto dos dereitos humanos. Son parte interesada do Proxecto Habeas Corpus. En suma, unha ferramenta para se valer en terreo hostil.

Antimilitaristes-MOC Valencia. En novembro de 2015 no marco das manobras militares da OTAN, denominadas Trident Juncture, un grupo de achivistas contrarios á guerra foron acusados de desorde público e desobediencia tras o bloqueo de varios carros de combate no porto de Sagunto (Valencia). Dita acusación conleva até catro anos de prisión e 12.000 euros de multa para cada un deles, segundo o Código Penal vivente. Máis un reto para o movemento antimilitarista en espera de novos combates que librar.

espazo aberto
a n t i m i l i t a r
nonaogostomilitar.org

Punto de encontro de colectivos e individualidades que cuestionan a existencia do exército como institución. Tentando manter o debate sobre a súa utilidade e conveniencia, os seus fins e a súa realidade, e denunciando a crecente militarización da sociedade, así como o desproporcionado gasto humano e económico que supón o seu mantemento.

E como fago?



Só se pode obxeccionar se a declaración se presenta en papel, e non aceptando o borrador.



Se tes dúbidas ou precisas axuda, podemos quedar contigo e asesorarte: info@nonaogostomilitar.org



Na páxina web atoparás a información completa de como tes que facer



Se queres colaborar na campaña, repartir información, organizar charlas, presentacións... non o dúbides, contacta!

Podes ingresar na conta: ES90 0075 8901 5706 0328 3996 (Banco Popular) Deixa constancia no ingreso do colectivo polo cal queres dar a obxección Se ingresas para outro colectivo, fainolo saber para estimar o número de obxeccións